

# PLAN ESTRATÉXICO PONTE DA FACULTADE DE FILOSOFÍA 2020-22



## Índice

### 0. Introducción

#### 1. Misión, Visión, Valores

#### 2. Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)

#### 3. Ámbitos, Liñas estratéxicas, obxectivos e actuacións.

---

## Introdución

---

Este documento constitúe o Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o período 2020-2022. Foi aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. A posta en marcha do proceso da súa elaboración foi iniciado polo equipo de dirección do Centro na súa reunión de 26 de outubro de 2020 a instancia da Vicerreitoría de Calidade e se desenvolve conforme ao Manual Marco de Procesos e Procedementos do SGIC da USC.

Este documento, segundo o modelo establecido, presenta unha reflexión acerca das fortalezas, debilidades e espazos de mellora que ten actualmente o Centro. Verbo das mesmas recóllense as principais liñas estratéxicas cos seus correspondentes obxectivos concretos, que orientan a actual xestión da Facultade de Filosofía e que a rexerán durante os próximos anos (2020-22). Estas liñas estratéxicas constitúen os eixos principais nos que se está a traballar e que afectan tanto á propia Universidade e aos sectores máis implicados do Centro (Estudantado, PDI e PAS) como ao contorno socio-cultural da Facultade. Neste sentido, as liñas estratéxicas que se propoñen e os obxectivos que as desenvolven están en liña co Plano Estratéxico da USC. En consecuencia, este Plan establece a liña de progreso que se propón seguir o Centro, salientando aqueles ámbitos nos que se centrará principalmente.

---

### *A Facultade de Filosofía: misión, visión e valores*

---

A Facultade de Filosofía organízase arredor de catro áreas de coñecemento (Filosofía, Filosofía Moral e Política, Lóxica e Filosofía da Ciencia e Antropoloxía Social) pertencentes ao Departamento de Filosofía e Antropoloxía Social (único departamento do Centro) situado na Facultade de Filosofía no Campus Histórico da USC.

Neste Centro, ademais de numerosas aulas, seminarios e biblioteca, ofrécense tamén espazos de encontro e dinamización cultural como os locais de estudantes, salas polivalentes (Sala Hipatia), Sala de Xuntas e Salón de actos, que contribúen no seu conxunto á formación universitaria integral.

A Facultade de Filosofía dispón dunha oferta formativa de Grao e de Posgrao e presta apoio ao desenvolvemento de dous Programas de Doutoramento (Filosofía, e Lóxica e Filosofía da Ciencia, este último interuniversitario) enmarcada nas directrices do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES). Trátase dunha oferta orientada a satisfacer as necesidades da demanda social. O seu desenvolvemento mantense de acordo ao especificado na Memoria Verificada da Titulación (MVT).

En termos xerais, o Centro pretende a formación integral dos seus estudantes, dende o respecto aos principios éticos, para o exercicio de actividades profesionais que esixan a

aplicación de coñecementos e métodos humanísticos, así como a actividade creadora en todos os seus campos e busca a actualización continuada dos coñecementos.

## MISIÓN

A Facultade de Filosofía da USC é una institución pública que ten a súa razón de ser na preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento no eido filosófico de xeito socialmente responsable. Isto faise mediante a formación integral de estudantes e profesionais cualificados no ámbito da filosofía, que sexan capaces de afrontar e implicarse nos retos dunha sociedade en continuo cambio, así como desenvolver o seu exercicio profesional con solvencia, espírito crítico e responsabilidade social. O compromiso coa sociedade materialízase na formación de profesionais que devolverán, mediante os seus servizos, o que esta investiu na súa formación a través do financiamento público da Universidade.

### Propósito estratéxico

De cara a materializar este amplo propósito, en continuidade coa nosa historia iniciada oficialmente en 1975, pretendemos:

- No eido da docencia, a Facultade de Filosofía conta cunha oferta de títulos atractiva e actualizada en consonancia co desenvolvemento da contorna e as demandas da sociedade que a financia. A actualidade da nosa oferta académica é quen de captar a estudantes cun elevado rendemento académico e de acadar o pleno de matrícula na súa oferta de prazas, como unha constante durante o último quinquenio. Por iso precisamente pretendemos ir mellorando a práctica académica, encamiñada á consecución de estudantes que logren elevadas “taxas de éxito e de rendemento” nos seus estudos e de ir mellorando as súas competencias para que os nosos egresados acaden unha mellor “taxa de inserción laboral”.

- No eido da investigación, a Facultade de Filosofía conta con diversos Grupos de Investigación e pretendemos que a súa actividade investigadora, na medida na que responde ás demandas da contorna, vaia adquirindo unha maior difusión e integración no eido social, sumándose á creación do “Instituto de Estudos de Humanidades” e ao desenvolvemento do Campus da Cidadanía.

- De xeito transversal, a Facultade de Filosofía, como Centro integral de desenvolvemento de docencia, investigación e acción cultural, en xeral, pretende:

(i) A integración da innovación docente, da actividade investigadora e da innovación tecnolóxica no seu normal funcionamento (principalmente mediante a estimulación da participación do profesorado no PFID);

(ii) O compromiso coas demandas socioculturais e as demandas das institucións -públicas e privadas- implicadas no exercicio profesional dos titulados do Grao, Posgrao e Doutoramento que se imparten no Centro;

(iii) O compromiso coas demandas procedentes dos ámbitos da investigación académica nos que teñen cabida as áreas de coñecemento do Centro;

(iv) A proximidade ao alumnado mediante o seguimento do seu itinerario formativo, o enriquecemento da súa formación complementaria, e a promoción da

súa labor de implicación na actividade do Centro, tanto cultural como de representación nos seus órganos de goberno.

(v) A disposición e mantemento das óptimas condicións, infraestruturas e dotación tecnolóxica do Centro (instalacións, medios tecnolóxicos, material bibliográfico, apoio técnico, etc.) para o desenvolvemento das actividades docentes, formativas e investigadoras que se levan a cabo.

## VISIÓN

A Facultade de Filosofía:

- Quere comprometerse como un Centro capaz de proporcionar ao seu estudiantado unha formación integral e adaptada ás necesidades da sociedade actual.
- Procura un recoñecemento dende o punto de vista da calidade, que afecte tanto a labor do profesorado como ao desenvolvemento dunha formación axeitada ás necesidades do presente e sensible ás necesidades do contexto laboral.
- Pretende manter o seu carácter singular dentro do Sistema Universitario Galego (SUG).
- Quere ser un Centro no que o PDI e PAS, na súa pluralidade de figuras contractuais, poidan realizar os seus respectivos labores profesionais nun espazo de oportunidades, de participación, de compromiso, de autonomía e de calidade.
- Busca ser un espazo de referencia, de sensibilidade e de proximidade ao entorno social e de activa colaboración co conxunto de iniciativas dos Institutos de Ensinanza Secundaria, das Asociacións estudiantís e das diversas Asociacións de Filosofía constituídas en Galicia.

## VALORES

En relación a “Misión” e “Visión” anteriormente expostas, destacamos os seguintes valores como algúns elementos reitores da nosa planificación estratéxica:

- No eido das ensinanzas: O cultivo dos valores da creatividade e innovación nas metodoloxías docentes. A práctica do valor da coordinación (especialmente nas materias compartidas por diversos docentes); e incentivar os valores da participación e responsabilidade como prácticas transversais a transmitir aos estudantes do Grao.

- No eido da investigación: Debemos procurar o valor da transmisión e aplicación dese coñecemento xerado por esta vía á labor docente e, en xeral, á sociedade a través da transferencia de coñecemento.

- De xeito transversal, cómpre salientar que a Facultade de Filosofía desenvolve as súas funcións priorizando valores éticos principais como o compromiso e responsabilidade social, a sustentabilidade e a conciencia ambiental, á igualdade de xénero, a atención á persoas con diversidade funcional, o pensamento crítico e a transparencia na información.

Entre os seus valores profesionais está a promover a “cultura da área de calidade”, que reflexa as accións de mellora continua que o Centro desenvolve cada ano a través do seu Plan de Melloras e que recompila na súa anual Memoria de Calidade.

En liña á planificación estratéxica da USC, podemos considerar os seguintes como os valores máis destacables do Centro:

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- A procura permanente da mellora nas actividades universitarias.
- Fomento dunha xestión baseada na participación e responsabilidade compartida.
- Compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Compromiso coa divulgación e transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia e do Estado.

---

### *ANÁLISE DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades)*

---

A continuación indicamos unha serie de debilidades e ameazas, pero tamén de fortalezas e oportunidades (DAFO) que consideramos significativas para o noso Centro. Con todo, a selección dalgunhas debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades do Centro, que se mostran a continuación, atenden a causas estratéxicas e de oportunidade para o Centro dentro do horizonte temporal deste plan, aínda que en moitos casos exceden as competencias da propia Facultade.

#### FORTALEZAS

- Centro moderno, con moi boas e recentes instalacións e equipamento (medios audiovisuais nas aulas, sistemas de videoconferencia, aulas polivalentes, seminarios, ausencia de barreiras arquitectónicas, biblioteca de moi alta calidade, amplo e ben equipado Salón de Actos para actividades de divulgación académica e congresos) e situado no Campus Histórico que integra a Facultade no corazón da cidade.
- A Facultade de Filosofía dispón de espazos propios para uso colectivo que complementan aos da USC no seu conxunto (como son o Salón de Actos de grandes dimensións e bo equipamento técnico ou Centro de Linguas Modernas).
- Profesorado ben cualificado para tarefas docentes e investigadoras (segundo os Indicadores de Calidade que os inclúen na media de sexenios da USC e segundo as enquisas de satisfacción do alumnado que os sitúan na media da USC mantida no tempo) e con capacidade para adaptarse a novas contornas tecnolóxicas e docentes (segundo a súa participación no PFID).
- Grupos de investigación consolidados nunha larga traxectoria nas diferentes Áreas de Coñecemento do Centro.
- Un plantel de PAS con dedicación a tempo completo e con elevada experiencia e nivel de implicación (segundo os Indicadores de Calidade que se rexistran anualmente na Memoria de Calidade).
- Difusión, para aos diferentes grupos de interese, de toda a información relativa ao Centro, á súa actividade académica e ao capítulo de Calidade (pois cómpre lembrar que

a “transparencia e difusión de información” foi recoñecida polo Informe de Acreditación de título de Grao como un “punto forte do Centro”).

- Presenza de asociacións estudiantís activas e participación activa do estudiantado nas Comisións e Órganos de xestión da Facultade.
- Captación de alumnado ata a consecución (estendida no tempo) da plena “taxa de matrícula”. O Grao de Filosofía do Centro acadou unha matrícula completa de xeito xa estendido no tempo e aumenta notablemente (máis do 85%) o alumnado que elixe este Grao como primeira opción por diante doutras titulacións da USC. Mellora continuada nos últimos anos do rendemento académico (ABAU) dos estudantes de novo ingreso e da porcentaxe de estudantes que elixen o grao como primeira opción, acadando o pleno de Matrícula verbo das prazas ofertadas.
- Deseño e implantación das Prácticas Académicas Externas (PAE) no Plan de estudos de Grao. A Facultade de Filosofía conta recentemente co programa específico de Prácticas Académicas Externas en empresas e institucións públicas.
- Boa composición, estrutura e funcionamento das comisións do Centro.
- A oferta formativa da Facultade como carácter único no SUG.
- A oferta formativa da Facultade que ten unha dimensión académica completa de xeito que o alumnado pode cursar íntegros o Grao, o Posgrao e o Doutoramento en Filosofía.
- A planificación e comunicación dos calendarios de xestión administrativa do Centro, de horarios, de utilización de espazos, de titorías e de avaliación. Apróbanse con anterioridade ao inicio de cada curso académico, o que permite realizar en conxunto unha correcta xestión das diferentes dinámicas que se desenvolven no Centro.

## DEBILIDADES

- Escaso coñecemento do Sistema Garantía Interno da Calidade do Centro (SGIC) por parte dos diferentes grupos de interese, especialmente do estudiantado.
- Falta de incentivos reais para a participación activa no eido da Calidade, o que supón un certo desánimo nos sectores implicados (PDI, PAS e estudiantado).
- Alto número de alumnado por grupo de docencia expositiva e interactiva, concentrado en certos cursos e materias (que afecta á “taxa de rendemento” e colateralmente á “taxa de abandono”).
- Elevada “taxa de abandono” e mellorable “taxa de éxito” do Grao.
- Falta de incentivos organizados polo Centro para o alumnado do grao con elevado rendemento académico (concursos, premios, etc).
- Escasa proxección das actividades culturais do Centro á sociedade da súa contorna.
- Baixa oferta de formación complementaria (oferta de Cursos de Estudos propios ou Cursos de verán) cun deseño específico para os alumnos do grao.
- A pesares da diversidade de “saídas profesionais” que de feito ten a nosa Titulación (máis alá de “profesor de filosofía”) e que figuran recollidas e detalladas na Memoria do

Título, percibimos a ausencia dun claro “perfil profesional” para a figura do filósofo/a no mercado laboral (a diferenza de outras Titulacións).

- A necesidade dunha maior presenza no Máster profesionalizante de Educación Secundaria (“Máster Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de idiomas”) que, por pertencer a súa xestión a outro Centro (Facultade de Ciencias da Educación), non permite desenvolver unha maior oferta docente e presenza do noso Centro no que paradoxicamente é a nosa principal saída profesional: profesor de Filosofía en Bacharelato (tanto en Centros públicos como privados).
- Baixa participación do alumnado en programas de mobilidade nacional e internacional, que se está a mellorar co protocolo do Centro e a activa dedicación da RAM.
- A escasa participación do alumnado nas actividades culturais extra-académicas (charlas, conferencias, works, etc.) que se propoñen dende o Centro, que si ben complementan, enriquecéndoa, a súa formación, non se reflicten no seu expediente académico.
- Escasa dotación económica por parte da USC destinada a recursos tecnolóxicos para o PDI.
- Escasa dotación económica por parte da USC, Consellería e Ministerio para os Proxectos de Investigación dos Grupos de Investigación do Centro.
- A xubilación de varios membros do PDI con longa experiencia que non sempre foi aparellada coa correspondente taxa de reposición o que deu lugar a unha ruptura xeracional do profesorado do Centro, tendo neste momento varios profesores con prazas non permanentes.

#### OPORTUNIDADES:

- Aval de prestixio da Universidade Santiago de Compostela como Universidade histórica.
- O atractivo da cidade de Santiago de Compostela para o alumnado de universidades externas ao SUG, como elemento para dinamizar a mobilidade do alumnado propio e alleo.
- Mantemento das instalacións e dotación técnica do Centro e das súas dependencias.
- Alcance das novas tecnoloxías aplicadas á investigación, xestión administrativa e á docencia con percorrido nas Humanidades Dixitais.
- O carácter singular da titulación de Grao en Filosofía no SUG.
- Capacidade de captación de alumnado como referencia única no SUG en Filosofía e participación no Programa A Ponte do Ensino Medio para difundir a nosa titulación de Grao.
- Desenvolvemento de sinerxías co Campus da Cidadanía e promoción de Instituto de Investigación en Humanidades.
- Posibilidade de ofertar “Cursos de Estudos propios”, “Cursos de verán” ou “Cursos de formación continua” (avalados e recoñecidos pola USC), sobre aspectos relativos á Filosofía e temas complementarios.

- O carácter transversal, aínda que implícito, da reflexión filosófica na práctica totalidade dos eidos que integran o tecido social, político e económico. Como espazo para a proxección das nosas titulacións.

-A nosa oferta de titulacións que permiten desenvolver unha completa carreira académica, xa que dispoñemos de titulación de Grao, de Posgrao e mesmo de Doutoramento en Filosofía.

- A realización de actividades culturais periódicas que pretenden abrir o Centro á sociedade, como son a nosa axenda anual de Conferencias, o Ciclo de Cine, a presentación de libros, etc.

#### AMEAZAS:

- Escaso financiamento por parte das institucións públicas destinado aos recursos de investigación en Humanidades, xerando que os Grupos de Investigación do Centro, na súa maioría, non acaden financiamento para os seus proxectos de investigación.

- Excesiva burocratización de todos os procesos que afectan á vida académica e de calidade (elaboración de informes, reunión de órganos e comisións do Centros, etc.), que provoca un excesivo cansancio, desánimo e pouca participación dos diversos sectores implicados.

- Permanente incertidume en relación coa normativa das titulacións de Grao, que mantén unha estrutura de 3+2 ou 4+1, xerando desigualdades da titulación entre os distintos países do EEES.

- Baixos índices de inserción laboral, especialmente motivada pola ausencia dunha “profesión regulada” (agás a de docente de Filosofía) e a consecuente falta de recoñecemento social da “profesión de filósofo/a”. A indefinición dun específico “perfil profesional” no noso tecido empresarial para os graduados en Filosofía o que implica unha importante escaseza de posibilidades de emprego dos titulados en Filosofía.

- Debilidade, falta de dinamismo e escasa cultura de coordinación empresa-universidade, que aproxime o perfil dos nosos egresados ao espazo empresarial ou a busca de novos espazos profesionais.

- A elevada competencia do entorno universitario español (especialmente na multiplicación da oferta de titulacións de posgrao entre os que pode realizar a súa elección o alumnado).

- A directa competencia do Posgrao profesionalizante do “Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria”, no que o Centro apenas ten presenza (por pertencer estruturalmente á Facultade de Ciencias da Educación) e que, porén, regula a nosa principal saída profesional.



---

*POSICIÓN VERBO DAS FORTALEZAS, DEBILIDADES, AMEAZAS E OPORTUNIDADES.*

---

A Facultade de Filosofía pretende amosar o xeito de manter as fortalezas, de corrixir as debilidades, de explotar as oportunidades e de afrontar as ameazas (todas elas sinaladas no apartado anterior), tendo en conta o horizonte temporal deste Plan e os límites nas competencias e capacidades do Centro.

#### MANTEMENTO DE FORTALEZAS

- Manter as infraestruturas do edificio e procurar unha paulatina mellora das instalacións do Centro (aproveitando a partida orzamentaria anual destinada a obras RAM (Reforma, Adaptación e Mellora).
- Aumentar as sinerxías e colaboracións cos centros da contorna do Campus da Cidadanía e promover a creación de Institutos específicos de investigación para a área de Humanidades.
- Manter a estrutura do plantel de PAS e a súa formación continuada.
- Continuar coa incorporación e estabilización de PDI e a súa formación permanente (especialmente no uso de novas ferramentas tecnolóxicas a través do PFID), para deste xeito compensar as baixas producidas por xubilacións e pre-xubilacións de profesorado con experiencia.
- Potenciar, na medida do posible, a mellora dos indicadores de Calidade do Centro e das posicións deste nas “clasificacións nacionais e internacionais”.
- Manter e mellorar, na medida do posible, a difusión aos grupos de interese do Centro de toda a información relativa á súa formación e ao sistema de Calidade.
- Apoiar as actividades organizadas polas Asociacións estudiantís con presenza na Facultade e colaborar activamente coas propostas dos representantes do alumnado.
- Manter e mellorar a oferta das Prácticas Académicas Externas (PAE), que obtiveron unha boa acollida por parte do alumnado.
- Manter a estrutura e o funcionamento das Comisións do Centro como órganos de detección de espazos de mellora.
- Manter a aplicación do Plan de Acción Titorial para seguir incentivando a implicación do estudantado coa Facultade.
- Manter a oferta de titulacións atractiva e actualizada de xeito que permita continuar obtendo a plena “taxa de matrícula” que o Centro ven acadando nos últimos anos.

#### CORRECCIÓN DAS DEBILIDADES:

- Incentivar o aumento da participación nas enquisas de satisfacción no contexto da divulgación do Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro.

- Demandar incentivos destinados a potenciar a participación do PDI en cursos para a mellora e innovación da calidade da docencia (PFID) e para o capítulo de Calidade en xeral.
- Potenciar o a aplicación do Protocolo de Coordinación do Centro (e o Plan de acción tutorial) para tentar mellorar a “taxa de abandono” do alumnado, pero tamén como un incentivo para alumnos/as con elevado rendemento académico e como xeito de detección de espazos de mellora e compromiso co bo funcionamento do Centro.
- Demandar a contabilización do 100% dos alumnos repetidores á hora da creación dos grupos de docencia -tanto expositiva como interactiva- para promover unha maior e real redución dos mesmos co propósito de facilitar unha mellor calidade docente.
- Incrementar as campañas informativas sobre as actividades do Centro abertas a todo o seu alumnado e a cidadanía en xeral, (cando as circunstancias sanitarias o permitan).
- Fomentar a proposta de “Cursos de Formación Continua” específicos para o noso alumnado.
- Elaborar unha recollida de información e análise da correlación entre “o perfil do egresado/a” e as necesidades ou expectativas do mercado laboral.
- Potenciar a realización de convenios con outras universidades para fomentar no alumnado os Programas de Mobilidade nacional e internacional á vez de solicitar a revisión da normativa de validacións da USC para que resulte máis áxil.
- Demandar un sistema de financiamento específico da USC para os Grupos de Investigación do Centro que por diversos motivos non acaden financiamento por parte da Consellería ou Ministerio correspondentes; esta iniciativa pode canalizarse a través da creación dun Instituto de Investigación en Humanidades.
- Fomentar actividades e publicacións que promovan a igualdade de xénero entre homes e mulleres no eido da filosofía.

#### EXPLOTACIÓN DAS OPORTUNIDADES:

- Explotar o prestixio da Universidade de Santiago de Compostela (USC) en canto Universidade histórica e resaltar a calidade dos seus servizos (residencias, espazos, bibliotecas, gardería, museo, etc).
- Maximizar o aproveitamento das novas tecnoloxías aplicadas á docencia, á investigación en Humanidades e á xestión administrativa.
- Mellorar a difusión das titulacións tanto na nosa comunidade como fóra dela, facendo uso das ferramentas web da USC, do Programa *A Ponte*, así como tamén outras titulacións que promove o Centro (ou nas que participa), para a divulgación e captación de alumnado con alto nivel de motivación, tanto nacional como internacional.
- Manter o Grao como titulación única no SUG, diferenciándonos de outras titulacións afíns da gran Área de Humanidades.

#### AFRONTAMENTO DAS AMEAZAS:

- Continuar coa nova incorporación e estabilización de PDI e promover a súa formación permanente (especialmente no uso de novas ferramentas tecnolóxicas).
- Promover e solicitar a diminución da burocratización excesiva de todos os procesos que afectan á vida académica e especialmente na área de Calidade.
- Promover campañas informativas sobre opcións de inserción laboral dos egresados.
- Fomentar a realización de continuación de estudos (tamén entre o noso alumnado de Grao) no propio Centro (Posgrao e Doutoramento), ao estar claramente relacionado o aumento da formación co aumento da taxa de inserción laboral.
- Promover e participar en actividades para mellorar a percepción que a sociedade ten sobre o perfil dos egresados/as en Filosofía; apoiar e sumarnos ás campañas de difusión da Filosofía emprendidas por Institucións e Asociacións externas ao Centro.
- Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade mediante a realización de xornadas divulgativas respecto desta cuestión.
- Fomentar a aplicación do Protocolo de Coordinación e melloralo, de ser o caso, como xeito de detección de novas ameazas e como xeito de afrontar en colectividade as ameazas presentes.

---

#### IDENTIFICACIÓN DAS LIÑAS ESTRATÉXICAS DE ACTUACIÓN

---

En base ao mantemento das fortalezas, a corrección das debilidades, a explotación das oportunidades e o afrontamento das ameazas, todas elas analizadas nos diferentes apartados anteriores, estruturamos este “Plan Estratégico Ponte da Facultade de Filosofía 2020-2022” en cinco grandes liñas estratéxicas, dentro das cales se establecen os correspondentes obxectivos estratéxicos para desenvolverlas.

LIÑAS ESTRATÉXICAS
1.- <i>Docencia</i> : Formación e Innovación docente.
2.- <i>Investigación</i> : Difusión e financiamento da investigación.
3.- <i>Calidade</i> : Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro (SGIC).
4.- <i>Participación</i> e motivación dos grupos de interese do Centro.
5.- <i>Proxección exterior</i> : Relacións coa sociedade e sistemas de colaboración.

#### LIÑA EXTRATÉXICA 1.- Docencia: Formación e Innovación docente.

*Obxectivos estratéxicos e Accións estratéxicas:*

- 1.1.- **Obxectivo estratéxico**: Mellorar as infraestruturas docentes do Centro.

*Causa específica:*

*Debilidade:* Escasa dotación económica destinada a recursos materiais, como a dificultade na dotación de ordenadores para o PDI e bolsellos/as por parte do Departamento.

**Acción estratéxica:** Incluír esta circunstancia na planificación do orzamento do Centro para axudar, na medida do posible, ao capítulo de dotación tecnolóxica para o PDI.

*Indicador:* Relación anual de gasto do Centro.

1.2.- **Obxectivo estratéxico:** Mellorar a atracción do talento nos estudantes de novo ingreso.

*Causa específica:*

*Fortaleza:* Boa valoración xeral do profesorado, cualificado na media da gran Área de coñecemento de Humanidades e da USC, mantida no tempo.

*Oportunidades:* Prestixio da Universidade de Santiago de Compostela como Universidade histórica; único Grao en Filosofía do SUG; activa participación nas actividades do Programa *A Ponte* co Ensino Medio para a captación de alumnado.

*Mantemento das Forzas:* Comunicar os resultados positivos das avaliacións das Titulacións para reforzar a motivación do profesorado e do alumnado; reflexar nos Informes de seguimento das titulacións as boas cualificacións dos RR.HH. (criterio 4), dos resultados de aprendizaxe (criterio 6) e da satisfacción do estudantado (criterio 7).

*Explotación de Oportunidades:* Resaltar a calidade dos servizos da USC (residencias, bibliotecas, gardería, museo, etc.); mellorar a difusión das titulacións tanto na nosa comunidade como fóra dela; fomentar a participación do profesorado no Programa *A Ponte* co Ensino Medio e outras actividades de divulgación para a captación de alumnado con alto nivel de motivación.

**Acción estratéxica:** Incrementar a difusión das titulacións do Centro non só con motivo do Programa *A Ponte*, senón tamén con especial incidencia nas datas das actividades da Olimpíada Filosófica, da actividade de “Filosofía na rúa” ou Feiras específicas.

*Indicadores:* Número de actividades participadas dentro do Programa *A Ponte* do Ensino Medio. Evolución da “nota de corte” e da “nota media” das ABAU para o ingreso na titulación. Porcentaxe de alumnado que entra na titulación como primeira opción.

1.3.- **Obxectivo estratéxico:** Mellorar o rendemento académico dos estudantes cando menos a través da minoración da “taxa de abandono”.

*A) Causa específica (1)*

*Debilidades:* Elevada taxa de abandono do Grao; Baixa nota de ABAU para o acceso ao Grao.

*Ameazas:* Excesiva oferta de prazas de ingreso en relación á inserción laboral da titulación.

**Accións estratéxicas (1):** Reforzar a aplicación do Plan de Acción Titorial de xeito que axude a coñecer e paliar as principais causas de abandono; incrementar as porcentaxes de avaliación continua das materias, especialmente no primeiro curso; organizar unha axenda semestral destinada a programar as actividades de avaliación das diferentes materias de cada curso, co propósito de evitar que o alumnado teña solapamentos ou excesiva concentración entre as mesmas.

*Indicadores:* Actas de avaliación das materias por curso e comprobación das taxas de rendemento e de abandono recollidas nos informes de seguimento da coordinación do Grao (criterio 6: análise dos resultados da aprendizaxe).

*B) Causa específica (2):*

*Debilidades:* Cómputo do tamaño real dos grupos de docencia expositiva e interactiva, que resulta grande ao non computar ao 100% os alumnos/as repetidores/as.

*Corrección das Debilidades:* Redución do tamaño dos grupos de docencia, pasando a contabilizar o 100% dos alumnos repetidores á hora da creación dos grupos de docencia.

**Acción estratéxica (2):** Incluír procedementos (como a creación de “grupos de centro” e a solicitude á USC do cómputo real de todo o alumnado matriculado) para a redución do tamaño dos grupos de docencia, especialmente nas materias que presentan un alto número de suspensos e non presentados, coa fin de poder ofertar unha dedicación máis individualizada que tenda a minorar as “causas de abandono” e a mellorar a “taxa de rendemento”, aumentando á vez a capacidade docente das áreas mediante o reforzo do plantel de PDI.

*Indicador:* Número de alumnos/as repetidores contabilizados.

1.4.- **Obxectivo estratéxico:** Mellorar a información sobre a inserción laboral dos egresados/as.

*Causa específica:*

*Debilidades:* Ausencia, máis alá da docencia, dunha clara “profesión” para a figura do filósofo/a, que dificulta enormemente a inserción laboral e non facilita establecer unha clara relación entre o perfil do egresado/a do grao (competencias, destrezas e habilidades) e as necesidades do mercado laboral.

*Ameazas:* Perda paulatina de presenza social do noso Grao e correlativamente de matrícula, causadas pola baixa inserción laboral.

*Afrontamento das ameazas:* Insistir na presentación das posibles “saídas profesionais” nas actividades de presentación da titulación. Fomentar a realización de continuación de estudos (Posgrao e Doutoramento) ao estar claramente relacionado o aumento da formación co aumento da taxa de inserción laboral.

**Acción estratéxica:** Aumentar as prazas para a realización das Practicas Académicas Externas. Realizar actividades informativas sobre opcións de inserción laboral dos/as egresados/as. Abrir vías de colaboración cos servizos da Universidade destinados a este propósito: Servizo de orientación laboral, Feuga, etc.

*Indicador:* Realización ou participación en actividades deste tipo.

1.5.- **Obxectivo estratéxico:** Mellora da proposta de oferta académica extra-curricular que dinamice máis a imaxe da Facultade de Filosofía, co gallo de incrementar a formación integral do alumnado (e atender ás posibles demandas temáticas que nos fagan chegar a través dos seus representantes).

*Causa específica*

*Debilidades:* Baixa oferta de formación complementaria (oferta de Cursos de Estudos propios ou Cursos de verán) cun deseño específico para os alumnos do grao.

*Oportunidades:* Posibilidade de ofertar “Cursos de Estudos propios”, “Cursos de verán” ou “Cursos de formación continua” (avalados e recoñecidos pola USC), sobre aspectos relativos á Filosofía e temas complementarios.

**Accións estratéxicas:** Incrementar a oferta de “Estudios propios” e elaborar unha proposta de actividades extracurriculares, tendo en conta as propostas dos representantes de alumnos nas Comisións de Titulacións.

1.6.- **Obxectivo estratéxico:** Mellora da participación do PDI en programas de formación e innovación docente e mellora da oferta destinada a Humanidades.

*Causa específica:*

*Fortalezas:* Profesorado ben cualificado para tarefas docentes e investigadoras (segundo os Indicadores de Calidade que os inclúen na media de sexenios da USC e segundo as enquisas de satisfacción do alumnado que os sitúan na media da USC mantida no tempo) e con capacidade para adaptarse a novas contornas tecnolóxicas e docentes.

*Afrontamento das ameazas:* Continuar coa formación permanente do PDI (especialmente no uso de novas ferramentas tecnolóxicas a través do PFID).

**Accións estratéxicas:** Realizar solicitudes desde o Centro ao PFID para a proposta de ofertas de Cursos de Formación máis específicos para os docentes das áreas de coñecemento vinculadas ao Centro.

## LIÑA EXTRATÉXICA 2.- 2.- Investigación: Difusión e financiamento da investigación.

*Obxectivos estratéxicos e Accións estratéxicas:*

2.1.- **Obxectivo estratéxico:** Apoiar o financiamento e a corporación dos Grupos de investigación do Centro.

*Causa específica:* Escasa ou nula dotación económica para os proxectos de investigación dos Grupos de Investigación do Centro.

*Forzas:* Existencia de Grupos de investigación consolidados nunha larga traxectoria nas diferentes Áreas de Coñecemento do Centro; Disposición de profesorado ben cualificado para as tarefas investigadoras.

*Mantemento das Fortalezas:* Aumentar as sinerxias con outros Centros do Campus da Cidadanía.

*Debilidades:* Escasa dotación económica por parte da USC, Consellería e Ministerio para os Proxectos de Investigación dos Grupos de Investigación do Centro.

*Ameaza:* Dado o escaso financiamento por parte das institucións públicas destinado aos recursos de investigación en Humanidades, xerando que os Grupos de Investigación do Centro, na súa maioría, non acaden financiamento para os seus proxectos de investigación

*Oportunidade e Corrección de debilidade:* Desenvolvemento de sinerxias co Campus da Cidadanía e promoción dun Instituto de Investigación en Humanidades.

**Acción estratéxica:** Demandar un sistema de financiamento específico da USC para os Grupos de Investigación do Centro que por diversos motivos non acaden financiamento por parte da Consellería ou Ministerio correspondentes. Promover a creación dun Instituto de Investigación en Humanidades que concentre e reforce o traballo dos diferentes Grupos de Investigación. Promover unha pequena axuda económica con cargo ao orzamento do Centro especificamente destinada a “reunións científicas” organizadas polo PDI do Centro.

*Indicador:* Solicitudes de financiamento.

LIÑA EXTRATÉXICA 3.- Calidade: Sistema de Garantía Interna de Calidade do Centro (SGIC).

*Obxectivos estratéxicos e Accións estratéxicas:*

3.1.- **Obxectivo estratéxico:** Fomentar e divulgar a “cultura de Calidade” no Centro.

*Causa específica:*

*Debilidades:* Escaso coñecemento do Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro; escasa participación dos sectores do Centro nas enquisas de Calidade.

*Corrección das Debilidades:* Divulgar o Sistema de Garantía Interno da Calidade do Centro a través da páxina web; tomar iniciativas para o aumento da participación dos sectores implicados nas enquisas.

**Accións estratéxicas:** Actualizar o Manual de Procesos e Procedementos. Actualizar o Manual do SGIC e promover a Planificación Estratéxica e difundir as novas versións a través da Web do Centro. Aplicación do protocolo de comunicación ao PDI, PAS e estudantado recordando os prazos e a importancia da súa participación nas enquisas de Calidade.

*Indicadores:* Publicación na web da nova versión do Manual SGIC; Indicador da porcentaxe de participación nas enquisas de satisfacción por parte dos diferentes sectores do Centro.

LIÑA ESTRATÉXICA 4.- Motivación e participación dos grupos de interese do Centro (PAS, PDI e Estudiantado).

O persoal do Centro constitúe en si mesmo un eixo determinante para acadar os obxectivos de Visión que anteriormente foron expostos. Do mesmo xeito, considerando a análise DAFO feita neste Plan, cómpre afondar nos aspectos da *motivación* e da *participación* dos diversos colectivos do Centro.

*Obxectivos estratéxicos e Accións estratéxicas:*

4.1.- **Obxectivo estratéxico:** Incrementar a participación do alumnado na acción cultural do Centro e no funcionamento dos seus órganos.

*Causa específica:*

*Forzas:* Presenza de asociacións estudantís activas e participación activa do estudantado nas Comisións e Órganos de xestión da Facultade.

*Mantemento de fortalezas:* Manter a estrutura e o funcionamento das Comisións do Centro como órganos de detección de espazos de mellora.

*Debilidades:* Falta de incentivos organizados polo Centro para o alumnado do Grao con elevado rendemento académico (concursos, premios, etc). Baixa oferta de formación complementaria (oferta de Cursos de Estudos propios ou Cursos de verán) cun deseño específico para o



alumnado do Grao e que responda a demandas dos representantes de estudantes.

**Accións estratéxicas:** Ofertar “Cursos de Estudos propios”, “Cursos de verán” ou “Cursos de formación continua” (avalados e recoñecidos pola USC), sobre aspectos relativos á Filosofía e temas complementarios que resulten de especial interese para o estudantado. Incentivar a participación do alumnado naquelas comisións e áreas dende as que se realiza un labor máis visible e próxima aos intereses formativos, como a Comisión de Cultura e Normalización Lingüística, a Comisión de Igualdade de Xénero ou a Comisión de Biblioteca como espazos para a coordinación entre o estudantado para desenvolver unha actividade cultural máis periódica.

4.2. **Obxectivo estratéxico:** Potenciar a participación do PDI na actividade de xestión da Facultade de Filosofía no que corresponde ás reunións de Coordinación de curso.

*Causa específica:*

*Ameaza:* Excesiva burocratización de todos os procesos que afectan á vida académica e de Calidade, que provoca un excesivo cansancio, desánimo e pouca participación dos diversos sectores implicados.

**Acción estratéxica:** Ofertar ao profesorado a participación a través de canles virtuais (ademais das físicas) ás reunións de coordinación de Curso (que desenvolven as figuras de Coordinadores/as de Curso implantadas no Centro) como xeito de canalización de suxestións tanto do alumnado como do profesorado e de detección de espazos de mellora. Establecer por parte dos Coordinadores de Curso uns indicadores concretos de análise para analizar as desviacións moi anómalas entre materias, caso de habelas.

4.3.- **Obxectivo estratéxico:** Potenciar a formación continua e o desenvolvemento de competencias do PDI e do PAS.

*Causa específica:*

*Forzas:* Dispoñemos dun plantel de PAS con dedicación a tempo completo e con elevada experiencia e nivel de implicación (segundo os Indicadores de Calidade que se rexistran anualmente na Memoria de Calidade). Dispoñemos dun plantel de PDI ben cualificado para tarefas docentes e investigadoras (segundo os Indicadores de Calidade que os inclúen na media de sexenios da USC e segundo as enquisas de satisfacción do alumnado que os sitúan na media da USC mantida no tempo) e con capacidade para adaptarse as novas contornas tecnolóxicas e docentes.

*Mantemento das fortalezas:* Manter a estrutura do plantel de PAS e a súa formación continuada e continuar coa incorporación e estabilización de PDI e a súa formación permanente (especialmente no uso de novas ferramentas tecnolóxicas a través do PFID).

*Corrección de debilidades:* Demandar incentivos destinados a potenciar a participación do PDI en cursos para a mellora e innovación da calidade da docencia (PFID) e para o capítulo de Calidade en xeral.

**Acción estratéxica:** Difundir entre o PAS a oferta formativa procedente do Servizo de Planificación e Programación de PAS, con especial atención á formación específica propia das funcións técnicas do Centro. Solicitar dende o Centro ao PFID a oferta de cursos máis especificamente orientados á gran Área de Humanidades.

#### LIÑA EXTRATÉXICA 5.- Proxección Exterior: Relacións coa sociedade e sistemas de colaboración.

Neste eixo salientamos a necesidade de establecer, de xeito continuado, vínculos de unión tanxibles co entorno social para incrementar e dinamizar a proxección e imaxe do Centro, en virtude dos cales aproximarnos a unha análise acerca da necesidade de potenciar profesións que derivan do Grao impartido no Centro. Trátase, neste caso, de achegar os intereses da Facultade de Filosofía ao ámbito institucional-empresarial, público e privado, así como a diferentes ámbitos investigadores, coa finalidade de propiciar iniciativas de colaboración con todos eles.

*Obxectivos estratéxicos e Accións estratéxicas:*

5.1.- **Obxectivo estratéxico:** Dinamizar a imaxe do Centro nas relacións coa sociedade. Transmitir a imaxe da Facultade de Filosofía que de conta do seu potencial na sociedade actual.

*Causa específica (1):*

*Debilidades:* Escasa proxección das actividades do Centro cara sociedade da súa contorna.

**Acción estratéxica:** Difusión das actividades culturais (así como docentes e investigadoras) da Facultade de Filosofía, remitindo información directamente ao profesorado e alumnado dos centros de bacharelato. Inclusión das actividades culturais no *Acontece en Filosofía. Boletín informativo da Facultade de Filosofía* que se difunde a través da páxina web do Centro. Remitir aos diferentes grupos de interese a celebración de actividades culturais organizadas por Institucións aíns que poidan resultar de interese pola súa temática.

*Indicador:* Cumprimento do Plan de Melloras do Centro destinadas á difusión cultural e á difusión das titulacións do Centro para o público en xeral.

*Causa específica (2):* Escasa cultura de coordinación empresa-universidade para conectar o mundo académico coas necesidades sociais.

*Debilidades:* Ausencia dun claro “perfil profesional” para a figura do filósofo/a, que dificulta enormemente a inserción laboral e non facilita establecer unha clara relación entre o perfil do egresado/a do grao (competencias, destrezas e habilidades) e as necesidades do mercado laboral.

*Ameazas:* Perda paulatina de inserción laboral dos egresados/as.

*Afrontamento de Amezas:* Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade.

*Oportunidades:* O carácter transversal, aínda que implícito, da reflexión filosófica na práctica totalidade dos eidos que integran o tecido social, político e económico, como espazo para a proxección das nosas titulacións.

**Acción estratéxica:** Fomentar a cultura de coordinación empresa-universidade, mediante a implantación, fortalecemento e actualización permanente das Prácticas Académicas Externas (PAE) a desenvolver en diversas Empresas ou Institucións; abrir colaboración coa Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) e coa Área de orientación laboral da USC; incidir no capítulo de saídas profesionais nas actividades de presentación do Centro e das súas titulacións. Establecer un apartado específico de “Información Institucional” no *Acontece* para reflexar estas iniciativas.

*Indicador:* Inclusión das PAE no Plan de Estudos. Comunicación co Feuga e coa Área de orientación Laboral da USC.

5.2.- **Obxectivo estratéxico:** Establecer e manter contactos, como pauta habitual do Centro, con aqueles titulados que teñan certa visibilidade social e/ou profesional, de cara a que contribúan a consolidar a boa imaxe do Centro e dos títulos que nel se imparten.

*Causa específica:*

*Corrección de debilidades:* Promover e participar en actividades para mellorar a percepción que a sociedade poida ter acerca do perfil dos egresados/as en Filosofía; apoiar e sumarnos ás campañas de difusión da Filosofía emprendidas por Institucións e Asociacións externas ao Centro.

**Acción estratéxica:** Considerar a posibilidade de crear unha Asociación de Graduados/as do Centro como grupo interlocutor, cuxo acto fundacional podería ter lugar coincidindo coa celebración do 45º aniversario da Facultade de Filosofía; realizar invitación específica ao colectivo de titulados no Centro á participación nas actividades e eventos da Facultade de Filosofía e á inversa nos seus Centros. Realizar invitación específica a egresados/as no acto de benvida de inicio do curso académico para a presentación do perfil profesional.

5.3.- **Obxectivo estratéxico:** Vincular o interese profesionalizante da Facultade de Filosofía ao ámbito institucional e empresarial en beneficio da inserción laboral dos nosos titulados.

*Causa específica (1):*

*Debilidades:* Ausencia dun claro “perfil profesional” para a figura do filósofo/a, o que dificulta a inserción laboral e non facilita establecer unha clara relación entre o perfil do egresado/a do Grao (competencias, destrezas e habilidades) e as necesidades do mercado laboral.

*Oportunidades:* O carácter singular da titulación de Grao en Filosofía no SUG; o carácter transversal, aínda que implícito, da reflexión filosófica na práctica totalidade dos eidos que integran o tecido social, político e económico, como espazo para a proxección das nosas titulacións.

**Acción estratéxica:** Articular oferta de Prácticas Académicas Externas (PAE) nas empresas e nas institucións que teñen convenios de colaboración co Centro. Ampliar a carteira de convenios de Prácticas, elaborando un plan de comunicación destinado a favorecer a participación de empresas, institucións, asociacións e colexios profesionais, en eventos organizados polo Centro.

*Causa específica (2):*

*Debilidades:* Ausencia dun claro “perfil profesional” para a figura do filósofo/a a excepción da principal saída profesional que é a docencia e por tanto a figura de “profesor/a de filosofía” principalmente en Bacharelato.

*Debilidades:* A necesidade dunha maior presenza no Máster profesionalizante de Educación Secundaria (“Máster Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de idiomas”) que, por pertencer a súa xestión a outro Centro (Facultade de Ciencias da Educación), non permite desenvolver unha maior oferta docente e presenza do noso Centro no que paradoxicamente é a nosa principal saída profesional: profesor de Filosofía en Bacharelato (tanto en Centros públicos como privados).

*Debilidades:* Trátase do Máster profesionalizante e preceptivo para o desenvolvemento das funcións docentes, constituíndo isto unha competencia inasumible para o resto de titulacións de Posgrao do Centro.

**Acción estratéxica:** Incrementar, sempre con acordo do Centro responsable da súa xestión, o encargo docente do noso Centro no “Máster Universitario en Profesorado de ESO, Bacharelato, FP e Ensinanza de idiomas” xa que resulta ser o Máster profesionalizante obrigatorio que cursan a inmensa maioría dos nosos/as egresados/as que aspiran a principal saída profesional da nosa titulación: “profesor/a de filosofía”.